


MISIÓN SOSTIBLE:

acción salvar o planeta



Volven os nosos amigos para protexer

Os Gardiáns Sostíbles traballan por facer do mundo un lugar mellor loitando contra Climatrón, o cambio climático. Actúa agora, segue os seus pasos!
Coñece aos nosos superheroes:



Aqual e ODS6:
gardiáns incansables da xestión do ciclo integral da auga e do saneamento.

Sosteniño: cos seus sabios consellos, o simpático robot ensinaranos de novo a coidar o planeta de xeito sostible.



Climatrón:
mundialmente coñecido como cambio climático. É o supervilán máis temido por ameazar a vida na Terra. Actúa provocando o quecemento global e a desaparición da vida natural e animal.



a biodiversidade e a auga!

Lucía: o seu superpoder é ensinar a reutilizar a auga para coidar o medio.


Bruno: encántalle coidar a auga e ensinarche a lavar os dentes coa billa pechada.

Daniela: sempre ao axexo de que os plásticos vaian ao seu colector. Co seu mando a distancia comunícase con Sosteniño.

Hugo: amigo de non tirar lixo ao retrete.

Martina: defensora de todos os seres vivos do planeta.

Mateo: vixiante do coidado da auga. Non deixa escapar unha pinga!



Dende o centro de control, Aqual e ODS6 vixían atentos os desastres naturais provocados por Climatrón. No seu empeño por cumprir coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) deciden poñer en marcha a Misión Sostible para lograr un mundo mellor.

O tempo está cambiando, cada vez hai máis secas, chove menos e son máis frecuentes as treboadas torrenciais e os tifóns.

Temos unha misión para os Gardiáns Sostibles!!

O cambio climático transforma o clima e aumenta as temperaturas da Terra. A súa orixe pode ser natural, aínda que os seres humanos e o uso do carbón ou do petróleo aumentárono.

Os Gardiáns percorren o planeta na súa Aquabicicleta. A súa misión é permanecer alerta e derrotar a Climatrón para devolverlle a saúde á Terra, un reto no que a xestión do ciclo integral da auga é moi importante.

Compis! Loitemos contra Climatrón e fagamos as paces coa natureza.

O planeta precisa de nós, todos podemos axudar!

A natureza aliméntanos, vístenos, dános de beber, xera osíxeno. Necesitamos actuar e sumarnos ao reto global de coidar a auga e os recursos naturais.


MISIÓN SOSTIBLE: as 6 fases da

Como axudar a repoñer o equilibrio natural da auga e do planeta.




Fase 1 Captación

Filipo, o ferreiriño azul




Marcelo, o grilo ceboleiro

Rufi, a ratiña de campo



Fase 4 Distribución



xestión do ciclo integral da auga.

Os Gardiáns Sostibles están a piques de librar unha dura batalla contra Climatrón. Cos seus superpoderes e o coidado das 6 etapas da xestión do ciclo integral da auga, axudarán a restablecer o equilibrio na Terra.

Fase 2 Tratamento



Lupa, a tartaruga mariña

Fase 3 Almacenamento




Pepo, o pingüín emperador

Fase 5 Saneamento



Fase 6 Purificación



Tito, o salmón

A xestión do ciclo integral da auga é un elaborado proceso no que se recolle auga do medio natural para ser tratada e convertida en auga potable. E unha vez utilizada, depúrase e devólvese limpa á natureza.

Súmate á acción para salvar o planeta!





Misión 1: Climatrón elevou as temperaturas uns cantos graos. Axudade a Filipo, o ferreiriño azul, a recuperar a súa cor e o seu canto con ilusión.



É inxusto, pobre Filipo! Por culpa do cambio climático algúns animais cambian de cor.

A culpa é da seca e da falta de auga, hai que coidala e non desperdiciala.

As secas intensas, os incendios, a subida do nivel do mar, as inundacións, o desxeo dos Polos, os grandes temporais e a diminución da biodiversidade... son algunhas consecuencias do cambio climático.



Na súa primeira misión, os Gardiáns Sostíbles rescatan a Filipo. Mentres, aprenden sobre a 1.ª etapa da xestión integral do ciclo da auga na que se recolle auga de lagos, ríos, mananciais e mares e se leva ás estacións potabilizadoras para o seu tratamento.



Móvete en bicicleta, patinete ou anda e axudarás a reducir a contaminación.



Misión 2: Os ciclóns e o turismo ameazan a supervivencia de Lupa, a tartaruga mariña. Axudádea a mellorar o seu hábitat para poder aniñar.



Pobre Lupa, veña, entre todos podemos axudar ás súas crías a chegar ata o mar!

Rapaces, retirade ese lixo.

Un ciclón é un vento de gran intensidade que vira en círculos como un bulebole.

A vida de Lupa, a tartaruga mariña, está ameazada. O turismo incontrolado e o Climatrón alteran o hábitat das especies. Debemos traballar para ser máis sostíbeis. Nas ETAP, Estacións de Tratamento de Auga Potable e as EDAM, Estacións Desalgadoras de Auga de Mar, os nosos amigos descubren o complicado proceso para transformar a auga bruta en auga potable.

Hai que darlle un respiro ao planeta e coidar a auga é moi importante.

Aquí nas EDAM e nas EDAR realízanse diferentes procesos de limpeza, filtrado e análise para obter auga potable en perfectas condicións.

ETAP

Coida da auga potable coma se fose un tesouro, non desperdicias nin unha pinga.



Misión 3: Debedes socorrer a Pepo, o pingüín emperador. Climatrón derrete os polos e frear o desxeo é unha prioridade para todos.

Tranquilo, Pepo, xa estamos contigo!


O desxeo derrete os Polos, elevando o nivel dos océanos e dos mares.

No Polo, as altas temperaturas poñen de novo en perigo a supervivencia das especies. Mentres personaxes coma Climatrón están decididos a destruír o planeta, os nosos amigos e moitas outras persoas actúan para protexelo, como os operadores da xestión integral do ciclo da auga que traballan nos depósitos de almacenamento de auga.


Nestes grandes depósitos almacenamos e conservamos a auga tratada para coidala e mantela ata o seu consumo.

O que fas a favor do planeta conta.

Aforra auga, electricidade, recicla e reutiliza. Ser ecoloxicamente responsables é a mellor forma de axudar ao planeta.




Misión 4: A sarabia provocada polo Climatrón destruíu a casa de Marcelo, o grilo ceboleiro. Rescatalo para devolve-lo ao seu hábitat será a vosa misión.



Climatrón non vas facer unha das túas, somos moitos protexendo o planeta!

Claro, cada vez somos máis os que pechamos sempre a billa cando lavamos os dentes!

A sarabia é un tipo de precipitación en forma de bólas de xeo.



Moitas especies están en perigo por culpa do cambio climático. Na súa operación de rescate, os Gardiáns Sostibles introdúcense na rede de canalizacións. Xunto aos operadores responsables da súa supervisión, descubrirán unha nova etapa da xestión do ciclo integral da auga, a distribución, na que a auga procedente dos depósitos é guiada pola rede de canalizacións ata os nosos fogares, colexios, hospitais...

Traballamos cunha misión! Manter a rede de canalizacións en bo estado, sen avarías nin fugas, para que a auga chegue ao seu destino.

Pechando as billas correctamente axudarás a aforrar miles de litros de auga ao ano.




Misión 5: Climatón provocou unha seca e Rufi, a ratiña de campo, anda perdida e abafada buscando auga sen rumbo. Axudala será unha boa acción.

A auga que usamos recóllese polos desaugadoiros e baixa pola rede de tubaxes ata chegar ás EDAR.


Con cada gota que aforremos o río volverá á vida.

Ánimo Rufi, recupérate e volvamos ao exterior.

A seca é un período de tempo (meses-anos) durante o cal unha zona do planeta sofre falta de choiva.



No medio dun escenario desértico, Rufi tamén busca axuda. A auga é escasa e, polo tanto, é importante recuperala e reutilizala. Na súa nova etapa, os nosos amigos descubrirán como a auga utilizada é conducida mediante a rede de sumidoiros ata a EDAR, Estacións Depuradoras de Augas Residuais.



Viches a que liaches? Especies en perigo de extinción que foxen do seu hábitat e todos afectados pola seca.


Recicla auga, reutilízala, aproveita a auga de cocinar para regar, non uses o retrete como papeleira, pecha a billa mentres te enxaboas... cada pequeno xesto é importante.



Misión 6: A Tito, o salmón, Climatrón enfastiou, porque lixo e restos ao río desbotou. Remontar o seu curso será o reto desexado.

A depuración é fundamental para coidar da auga e con ela reiniciase de novo o ciclo.

Alerta, alerta! Hai moitas especies en perigo. É importante que actuemos de inmediato para cumprir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e precisamos da axuda de todos. Por exemplo, dende as EDAR, Estacións Depuradoras de Augas Residuais, os operarios da xestión do ciclo integral da auga seguirán traballando arreo para conseguir que a auga utilizada sexa filtrada e depurada para ser devolta ao seu medio natural limpa e en bo estado.



A auga reutilizada tamén vale para regar, encher lagos artificiais, etc.

Fase a fase, pinga a pinga, a auga rexenérase e non se esgota.

O cambio climático provoca a perda de biodiversidade: diminución ou desaparición da variedade de seres vivos que habitan o planeta.

Evita tirar residuos aos ríos, hai que protexelos.



A Misión Sostible non ten fin. Agora tócache actuar a ti. Segue os consellos de aforro e coidado da auga e respecta a natureza. Xuntos podemos protexer a biodiversidade e loitar contra o cambio climático!



Actuemos agora!

Por un impacto positivo no planeta!

Únete aos Gardiáns Sostibles, coidar da auga e do planeta é unha misión fermosa!!

 **Consorcio
Aguas do Louro**



 **aqualia**

A túa compañía da auga



www.consorciodelouro.es